

En Cambre xeramos cada día máis de 23.000 kg de lixo, o que supón uns 8,5 millóns de kilos de residuos ao ano.

Considerando o impacto ambiental e os problemas asociados que acarrearía o simple depósito ou incineración destes residuos, dende o noso concello optamos por unha xestión dos residuos baseada en:

Reducir na medida do posible a produción de lixo
Reutilizar os produtos tantas veces como sexa posible
Reciclar, recuperando as partes do lixo que poidan volver a ser utilizadas.

Deste xeito, diminuímos a xeración de residuos, o consumo de materias primas e a contaminación asociada.

O éxito deste plan de xestión dos residuos é unha responsabilidade compartida entre a administración local e os cidadáns, por iso:

DENDE A ADMINISTRACIÓN FACILITAMOS

- ★ Colectores diferenciados na rúa para cada tipo de residuo.
- ★ Punto limpo (Rúa Prados Vellos, s/n. Espírito Sto), onde podes depositar os residuos domésticos voluminosos ou perigosos.
- ★ Recollida gratuíta de mobles e pertenzas. Chama ao **981 795 524** para comunicar o obxecto que vas a depositar e informate do día da recollida.

COMO CIDADÁN RESPONSABLE, ¿QUE PODES FACER?:

- ★ Reduce, reutiliza e separa o lixo no teu domicilio
- ★ Atende a Ordenanza de limpeza viaria e ornato público, que establece que as bolsas de resi-
duos orgánicos e inorgánicos deben depositarse nos colectores entre as 8 do serán e as 8 da mañá, todos os días da semana, con excepción da noite do sábado e a madrugada do domingo.



Limpeza Viaria e Residuos en Cambre



CONCELLO
DE CAMBRE

Servizo de Limpeza Viaria



A limpeza viaria non é tan só unha necesidade estética, senón tamén unha medida hixiénica e de protección medioambiental na que participamos de forma activa tanto os servizos municipais coma os veciños do Concello de Cambre.

O servizo municipal de limpeza engloba todas as actuacións precisas para a consecución do mellor grao de limpeza dos espazos públicos, empregando os medios mecánicos e humanos necesarios.

Atendendo aos criterios de densidade de poboación, tráfico rodado, actividade cidadá, nivel comercial e paisaxe, establecéronse as seguintes rutas e frecuencias de limpeza:

ZONAS URBANAS Cambre - A Barcala, O Temple - O Graxal	LIMPEZA DIARIA DE LUNS A SÁBADOS
URBANIZACIÓNS (viais públicos) Arrigada - A Picota - Cobelo O Pazo - Os Castros do Bosque Quintán - Vila de Cruz - etc.	LIMPEZA SEMANAL
NÚCLEOS RURAIS	LIMPEZA QUINCENAL

Para calquer aclaración ao respecto contacte co Servizo de Limpeza Viaria no teléfono: 617 461 722

Para manter os espazos comúns limpos é precisa a colaboración cidadá, de forma que se adopten unha serie de boas prácticas no noso comportamento habitual.



Ditas prácticas recóllense na Ordenanza de Limpeza Viaria e Ornato Público do Concello de Cambre que, entre outras conductas:

PROHÍBE E SANCIONA

- ★ Ensuciar as vías e espazos públicos (tirar residuos á vía, sacudir prendas ou alfombras, lavar ou limpar vehículos, verter auga sucia, etc).
- ★ Colocar carteis, pancartas, rótulos, pegatinas ou calquera outro elemento publicitario en fachadas de edificios públicos ou no mobiliario urbano (marquesiñas, colectores do lixo, farois, etc).
- ★ Ensuciar a vía pública con excrementos caninos.



O can adaptouse perfectamente á vida nas cidades, pero parece que a actitude dalgúns dos seus donos non evolucionou na mesma medida, pois ás veces non recollen os excrementos do seu animal. Deste xeito:

- Infrinxen unha ordenanza municipal.
- Mostran un comportamento incívico e irresponsable, pois os excrementos animais ensucian a vía, provocan caídas e poden transmitir enfermidades.

Os titulares dos establecementos están obrigados a manter limpo o espazo no que desenvolven as súas actividades e a beirarrúa correspondente á loxitude da súa fachada.

